

Rúbrica para avaliar a montaxe do programa de radio

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
Locucións	A lectura dos textos faise de maneira expresiva e coidando todos os aspectos propios da linguaxe oral: ton, ritmo, entoación e énfase.	A lectura dos textos faise de maneira expresiva e coidando a maioría dos aspectos propios da linguaxe oral: ton, ritmo, entoación e énfase.	Na lectura dos textos non se ten en conta todos os trazos propios da linguaxe oral: ton, ritmo, entoación e énfase.	Na lectura dos textos non se ten en conta ningún dos trazos propios da linguaxe oral: ton, ritmo, entoación e énfase.
Contidos	Descríbense as dúas celebracións vividas no centro en profundidade fixándose nos detalles importantes.	Descríbese unha das celebracións vividas no centro en profundidade fixándose nos detalles importantes.	Descríbense as celebracións vividas no centro pero sen fixarse nos detalles importantes.	Non se describen as celebracións vividas no centro. A información que nos ofrecen non é importante.
Entrevista	Entrevístase a persoas relevantes e as preguntas axudan a comprender os feitos que se queren contar.	Entrevístase a persoas relevantes pero as preguntas non axudan a comprender os feitos que se queren contar.	Preguntouse a persoas que achegan pouca información e as preguntas non estaban ben formuladas.	Preguntouse a persoas que non nos achegaron información e as preguntas non estaban ben formuladas.
Linguaxe inclusiva	Ao longo do programa emprégase unha linguaxe inclusiva en todas as situacións.	Ao longo do programa emprégase unha linguaxe inclusiva con poucos erros.	Ao longo do programa emprégase unha linguaxe inclusiva de maneira ocasional en determinadas situacións.	Ao longo do programa non se emprega linguaxe inclusiva de maneira axeitada.

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 MELLORABLE	1 INSUFICIENTE
Sintonía e cabeceira	A cabeceira está perfectamente integrada, ten música e efectos de fondo. Identifícase correctamente o nome do grupo.	A cabeceira está perfectamente integrada, ten música e efectos de fondo. Non se identifica correctamente o nome do grupo.	A cabeceira non está ben integrada, ten música e efectos de fondo. Non se identifica correctamente o nome do grupo.	Falta a cabeceira do programa.
Calidade técnica	As gravacións de audio son correctas. Mestúrase voz e base musical correctamente e aplícanse efectos que facilitan a comprensión.	As gravación de audio son correctas. A mestura de voz e base musical é correcta pero non se empregan efectos ou estes non contribúen a mellorar a comprensión.	Algunhas gravacións de audio teñen erros de montaxe. Non se empregan efectos e a mestura de voz e música non está ben realizada.	As gravacións de audio teñen moitos erros e non se empregan efectos nin música de fondo
Traballo en equipo	Todas as persoas do grupo participaron e achegaron ideas de xeito respectuoso e empregando linguaxe non discriminatoria.	A maioría das persoas do grupo participaron e achegaron ideas de xeito respectuoso e empregando linguaxe non discriminatoria.	Poucas persoas do grupo participaron e achegaron ideas de xeito respectuoso e empregando linguaxe non discriminatoria.	A dinámica de traballo en equipo non foi correcta en ningún momento e os conflitos foron constantes.